# Boletín sobre o mercado laboral de Santiago de Compostela

**1º Semestre 2009**



CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

máiscompostela

# Boletín sobre o mercado laboral de Santiago de Compostela

**1º Semestre 2009**


Presentación....3

Caracterización da Poboación....5

Demandas de Emprego e Colocacións....9

Actividade Empresarial e Afiliacións....9

Paro Rexistrado....13

Ofertas....25

Contratos....29

Anexo....37



CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

máiscompostela

Preséntolle o *Boletín sobre o mercado laboral de Santiago de Compostela. Primeiro semestre 2009*, realizado polo departamento de Estatística do Concello de Santiago. Nunha época difícil na creación de emprego, como a actual, publicacións destas características constitúen unha ferramenta de traballo necesaria para coñecer a evolución da nosa realidade laboral nun período continuado de tempo, que neste caso é de medio ano. É o terceiro que publicamos e, seguindo a mesma metodoloxía que os dous anteriores, recolle, en catro apartados e medio centenar de páxinas, as características da poboación activa e da poboación desempregada, os perfís de contratación, a actividade empresarial, a evolución do desemprego e os sectores de actividade con máis ofertas laborais. Toda esta información complétase con 28 táboas e 10 gráficos.

# Presentación

Esta publicación é, na práctica, un instrumento de consulta para todas aquelas administracións, entidades e empresas relacionadas co mundo laboral, xa que reflicte un seguimento continuado do mercado de traballo durante un período continuado de tempo, neste caso seis meses. Estes datos, xunto á información sobre ofertas de emprego e formación do *Boletín de ofertas de emprego Máiscompostela,* ofrécennos unha completa radiografía da realidade laboral de Santiago e comarca.

Ámbalas dúas publicacións cumpren funcións de orientación e intermediación laboral, necesarias neste momento de crise económica. Por unha banda, melloran o coñecemento que a cidadanía ten das oportunidades laborais existentes no mercado de traballo; e por outra, sérvenlle de orientación ás distintas administracións e entidades no deseño de políticas de fomento do emprego máis activas e eficaces.

XOSÉ MANUEL IGLESIAS IGLESIAS
Concelleiro de Promoción Económica,
Emprego, Comercio e Turismo

Para poder coñecer o mercado laboral en Santiago de Compostela é preciso partir dunha análise da poboación, considerando os datos que se recollen no *Estatístico 2009* do Concello de Santiago.

# Caracterización da poboación

Segundo o Padrón Municipal de Habitantes, Santiago conta en 2008 cunha poboación total de 95.325 persoas, o 53,34% mulleres e o 46,66% homes. En función da idade, a poboación no noso concello aparece clasificada do seguinte xeito: 12,44% entre 0 e 15 anos, 69,73% entre 16 e 64 anos e 17,83% de 65 e máis anos.




**GRÁFICO 1: Caracterización da poboación segundo a relación coa idade e o sexo en Santiago de Compostela**

Elaboración propia a partir de datos do *Estatístico 2009*. Concello de Santiago

Nunha análise máis profunda da poboación compostelá entre 16 e 64 anos, comprobamos que as mulleres supoñen o 52,14% deste grupo, fronte ao 47,86% de homes.

Por tramos de idade o grupo máis numeroso é o de 30 a 34, que supón o 12,60 % deste grupo. Os restantes grupos máis numerosos aparecen entre os 25 e os 49 anos.

**GRÁFICO 2: Poboación de 16 a 64 anos por grupos de idade no concello de Santiago**

Elaboración propia a partir dos datos do Estatístico 2009. Concello de Santiago




Despois de coñecer as características básicas da poboación no noso concello, faise necesario analizar tamén a evolución de traballadores e desempregados.

En primeiro lugar, faremos referencia á evolución que experimentaron os traballadores e traballadoras en Santiago de Compostela no 2008, tanto no réxime xeral coma no de autónomos.

A media mensual de persoas afiliadas ao réxime xeral e outros réximes especiais, a excepción de traballadores autónomos, situouse en torno a 55.992 persoas. As cifras máis elevadas corresponderon aos meses de verán.

En canto as persoas afiliadas ao réxime de autónomos, a media mensual en 2008 no concello oscilou en torno ás 7.311 persoas. Os meses con maiores afiliacións foron os de abril e xullo.

A continuación analizamos as demandas de emprego rexistradas en Santiago. As demandas de emprego son as solicitudes de postos de traballo rexistradas nas oficinas públicas de emprego realizadas polos traballadores en idade laboral que desexan traballar por conta allea. Inclúen as de traballadores que non teñen emprego (tanto daqueles que non traballaron anteriormente e bus-




**GRÁFICO 3: Persoas traballadoras afiliadas ao réxime xeral no concello de Santiago**

Datos estimados. Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións




**GRÁFICO 4: Persoas traballadoras afiliadas ao réxime de autónomos no concello de Santiago**

Datos estimados. Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións

can emprego por primeira vez como as dos que tiveron un emprego anterior) e as de traballadores ocupados que buscan emprego para substituír ou complementar o que teñen.

A cifra de demandas de emprego en Compostela en 2008 está situada en 8.178, das que o 79,62% corresponde a persoas paradas e o 20,38% a non paradas.

Os datos do paro rexistrado en 2008 amosan unha media mensual de 5.789 persoas. O paro feminino sitúase en 3.492 mulleres (60,32% do total) e o masculino en 2.297 homes (39,68%).

**GRÁFICO 5:Paro rexistrado en 2008 por meses e sexo no concello de Santiago**

Elaboración propia a partir dos datos do *Estatístico 2009*. Concello de Santiago



## Actividade Empresarial e Afiliacións

Santiago de Compostela conta aproximadamente cun total de 10.074 empresas. Representan o 69,45% da actividade empresarial na comarca e o 11,70% da actividade provincial.

# Demandas de emprego e colocacións

## *Actividade, ocupación e paro*

A forma xurídica máis empregada, tanto no conxunto de Galicia coma nos principais concellos, é a de empresas con responsabilidade física. A continuación aparecen as sociedades de responsabilidade limitada. Estes dous tipos engloban a maioría de empresas galegas.

En Galiza, as empresas segundo a súa forma xurídica divídense do seguinte xeito: 60,25% persoas físicas, 29,68% sociedades de responsabilidade limitada, 7,64% outro tipo, 1,95% sociedades anónimas e 0,48% de cooperativas. Pola contra, en Compostela hai certas variacións, ao existir menor porcentaxe de persoas físicas e máis sociedades anónimas e doutro tipo. No noso concello as empresas aparecen clasificadas da seguinte forma: 55,05% persoas físicas, 29,81% sociedades de responsabilidade limitada, 11,90% outras, 2,69% sociedades anónimas e 0,55% de cooperativas.

Atendendo á actividade que levan a cabo, o 77,33% das empresas galegas pertencen ao sector servizos, o 14,62% á construción e o 8,05% á industria.

O tecido empresarial compostelán caracterízase tamén polo predominio do sector servizos pero presenta un valor bastante máis elevado ao acadar o 86,25% do total. Esta porcentaxe é unha das máis altas das principais cidades galegas, só superada

polo 87,42% acadado en Ferrol. A industria en Santiago ocupa o 5,71% das empresas, un valor só superado nas cidades polo 6,36% que se dá en Vigo. Pola contra, ao sector da construción só pertencen o 8,04% do total de empresas santiaguesas, porcentaxe que sitúa a Compostela no valor máis baixo dos sete grandes concellos de Galiza.

Para poder analizar a tendencia seguida polas empresas no primeiro semestre de 2009, analizamos a continuación as actividades económicas con maior número de contas de cotización en Santiago de Compostela.

Unha conta de cotización é un número de identificación e control asignado pola Tesourería da Seguridade Social ao empresario para a súa identificación e control das obrigas no réxime do sistema da Seguridade Social que lle corresponda. Como é preciso solicitar un código de conta de cotización en cada provincia onde se exerce a actividade e nalgún outro suposto, o número de contas de cotización corresponde máis polo tanto a un centro de traballo.

A información sobre as contas agrupa a un colectivo de persoas traballadoras pertencentes a unha mesma empresa, que desenvolven a súa actividade laboral nunha mesma provincia e que teñen características homoxéneas fronte á cotización. Por tal motivo, unha empresaria ou empresario pode ter asignadas varias contas de cotización e, polo tanto, non é totalmente correcto facer correspondencias entre empresas e contas de cotización, senón que en xeral poderá haber máis contas que empresas.

Analizando os datos, comprobamos que en xuño de 2009 existían en Santiago de Compostela 1.252 contas de cotización pertencentes ao *comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas*, sendo o grupo máis numeroso ao representar o 20,67% do total. Este dato amosa un leve descenso con respecto ao ano anterior. A continuación aparecen as *actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico: actividades dos fogares como produtos*, que supón o 15,54%. En terceiro e cuarto lugar aparecen a *hostalaría* e a *construción*, subindo posicións con respecto ao mesmo mes do ano anterior onde aparecían en cuarto e sexto lugar respectivamente.

Nos primeiros seis meses de 2009 a actividade económica máis numerosa, correspondente ao *comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas*, experimentou un progresivo descenso do 2,34% dende principios de ano, con 30 contas de cotización menos. As actividades económicas na construción descenderon o 6,29% pero na hostalaría medraron o 5,98%.

Os traballadores afiliados ao réxime xeral máis numerosos en Santiago pertencen ao comercio e reparación de vehículos e constitúen en torno ao 14,7% do total, manténdose en cifras bastante estables durante os seis primeiros meses de 2009.

Os maiores aumentos de traballadores no réxime xeral tiveron lugar nas *actividades sanitarias e servizos sociais* e na *hostalaría.* Na outra banda, o des-

**Táboa 1: Actividades económicas (sección da clasificación CNAE 2009) con maior número de contas de cotización (empresas) e porcentaxe sobre o total. Santiago de Compostela**

| CNAE | DESCRICIÓN | Xuño | % |
|---|---|---|---|
| G | Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas | 1.252 | 20,67 |
| T | Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produto | 941 | 15,54% |
| I | Hostalaría | 673 | 11,11 |
| F | Construción | 477 | 7,88 |
| M | Actividades profesionais, científicas e técnicas | 459 | 7,58 |
| S | Outros servizos | 404 | 6,67 |
| C | Industria manufactureira | 305 | 5,04 |
| H | Transporte e almacenamento | 298 | 4,92 |
| Q | Actividades sanitarias e servizos sociais | 254 | 4,19 |
| N | Actividades administrativas e servizos auxiliares | 231 | 3,81 |

Instituto Galego das Cualificacións. Datos de xuño de 2009

**Táboa 2: Evolución das dez actividades económicas (seccións da clasificación CNAE). Santiago de Compostela**

| | | NÚM. EMPRESAS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
| G | Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas | 1.282 | 1.279 | 1.250 | 1.251 | 1.258 | 1.252 |
| T | Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtos | 954 | 964 | 966 | 958 | 954 | 941 |
| I | Hostalaría | 635 | 642 | 646 | 663 | 665 | 673 |
| F | Construción | 509 | 501 | 497 | 486 | 483 | 477 |
| M | Actividades profesionais, científicas e técnicas | 457 | 461 | 461 | 454 | 456 | 459 |
| S | Outros servizos | 410 | 411 | 408 | 406 | 409 | 404 |
| C | Industria manufactureira | 306 | 305 | 308 | 307 | 304 | 305 |
| H | Transporte e almacenamento | 290 | 297 | 295 | 296 | 298 | 298 |
| Q | Actividades sanitarias e servizos sociais | 250 | 249 | 249 | 251 | 252 | 254 |
| N | Actividades administrativas e servizos auxiliares | 233 | 230 | 227 | 230 | 231 | 231 |

Instituto Galego das Cualificacións. Datos de xaneiro a xuño de 2009

censo destacado foi o da *construción*, con 246 traballadores menos entre xaneiro e xuño.

Os traballadores autónomos máis numerosos en Compostela son tamén do *comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas*, pero o seu peso no total é máis destacado ao representar en torno ao 26,7% do total de traballadores autónomos do concello.

En canto á evolución experimentada por este tipo de traballadores durante o primeiro semestre de 2009, medrou a *hostalaría* mentres que descenderon sectores como a *construción, transporte e almacenamento ou agricultura.*

## Táboa 3: Evolución de traballadores afiliados ao réxime xeral nas dez actividades económicas máis representativas e porcentaxe sobre o total. Santiago de Compostela

| NÚMERO DE TRABALLADORES EN XERAL | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
| G | Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas | 8.171 | 8.205 | 8.105 | 8.098 | 8.161 | 8.187 |
| | | 14,7% | 14,74% | 14,63% | 14,57% | 14,6% | 14,71% |
| Q | Actividades sanitarias e servizos sociais | 7.632 | 7.684 | 7.713 | 7.717 | 7.814 | 8.066 |
| | | 13,73% | 13,8% | 13,92% | 13,89% | 13,98% | 14,49% |
| O | Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria | 6.182 | 6.238 | 6.243 | 6.104 | 6.132 | 6.106 |
| | | 11,12% | 11,21% | 11,27% | 10,99% | 10,97% | 10,97% |
| P | Educación | 4.907 | 4.932 | 4.948 | 4.983 | 5.001 | 4.812 |
| | | 8,83% | 8,86% | 8,93% | 8,97% | 8,95% | 8,65% |
| F | Construción | 4.687 | 4.617 | 4.704 | 4.668 | 4.509 | 4.441 |
| | | 8,43% | 8,29% | 8,49% | 8,4% | 8,07% | 7,98% |
| C | Industria manufactureira | 4.094 | 4.034 | 4.031 | 3.999 | 3.990 | 3.956 |
| | | 7,36% | 7,25% | 7,27% | 7,2% | 7,14% | 7,11% |
| M | Actividades profesionais, científicas e técnicas | 3.430 | 3.474 | 3.387 | 3.424 | 3.400 | 3.339 |
| | | 6,17% | 6,24% | 6,11% | 6,16% | 6,08% | 6% |
| I | Hostalaría | 3.266 | 3.260 | 3.253 | 3.363 | 3.490 | 3.490 |
| | | 5,87% | 5,86% | 5,87% | 6,05% | 6,24% | 6,27% |
| J | Información e comunicacións | 2.963 | 2.989 | 3.011 | 3.016 | 3.073 | 3.061 |
| | | 5,33% | 5,37% | 5,43% | 5,43% | 5,5% | 5,5% |
| N | Actividades administrativas e servizos auxiliares | 2.565 | 2.554 | 2.420 | 2.545 | 2.605 | 2.574 |
| | | 4,61% | 4,59% | 4,37% | 4,58% | 4,66% | 4,62% |
| **TOTAL** | | **47.897** | **47.987** | **47.815** | **47.917** | **48.175** | **48.032** |
| | | **86,15%** | **86,21%** | **86,29%** | **86,24%** | **86,19%** | **86,3%** |

Instituto Galego das Cualificacións. Datos de xaneiro a xuño de 2009

## Táboa 4: Evolución de traballadores autónomos nas dez actividades económicas máis representativas e porcentaxe sobre o total. Santiago de Compostela

| NÚMERO DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
| G | Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas | 1.939 | 1.930 | 1.933 | 1.920 | 1.918 | 1.911 |
| | | 26,8% | 26,74% | 26,77% | 26,77% | 26,72% | 26,69% |
| I | Hostalaría | 984 | 985 | 990 | 988 | 997 | 998 |
| | | 13,6% | 13,65% | 13,71% | 13,78% | 13,89% | 13,94% |
| F | Construción | 761 | 755 | 758 | 752 | 749 | 744 |
| | | 10,52% | 10,46% | 10,5% | 10,49% | 10,44% | 10,39% |
| M | Actividades profesionais, científicas e técnicas | 656 | 665 | 658 | 649 | 653 | 655 |
| | | 9,07% | 9,21% | 9,11% | 9,05% | 9,1% | 9,15% |
| S | Outros servizos | 537 | 530 | 532 | 533 | 529 | 532 |
| | | 7,42% | 7,34% | 7,37% | 7,43% | 7,37% | 7,43% |
| C | Industria manufactureira | 391 | 393 | 389 | 388 | 387 | 383 |
| | | 5,4% | 5,44% | 5,39% | 5,41% | 5,39% | 5,35% |
| H | Transporte e almacenamento | 391 | 388 | 388 | 385 | 384 | 379 |
| | | 5,4% | 5,38% | 5,37% | 5,37% | 5,35% | 5,29% |
| A | Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca | 346 | 346 | 343 | 340 | 338 | 334 |
| | | 4,78% | 4,79% | 4,75% | 4,74% | 4,71% | 4,66% |
| Q | Actividades sanitarias e servizos sociais | 303 | 302 | 303 | 303 | 302 | 299 |
| | | 4,19% | 4,18% | 4,2% | 4,22% | 4,21% | 4,18% |
| N | Actividades administrativas e servizos auxiliares | 261 | 261 | 262 | 262 | 262 | 265 |
| | | 3,61% | 3,62% | 3,63% | 3,65% | 3,65% | 3,7% |
| **TOTAL** | | **6.569** | **6.555** | **6.556** | **6.520** | **6.519** | **6.500** |
| | | **90,79%** | **90,81%** | **90,80%** | **90,91%** | **90,83%** | **90,78%** |

Instituto Galego das Cualificacións. Datos de xaneiro a xuño de 2009

# Paro Rexistrado

A principios de 2009 había en Santiago de Compostela un total de 6.855 persoas paradas, que foron aumentando ata as 7.210 en marzo para volver novamente a descender e acadar a cifra de 6.547 persoas en xuño.




**GRÁFICO 6: Evolución do paro rexistrado por sexos no Concello de Santiago de Compostela**

Elaboración propia a partir da Consellería de Traballo. Informe do paro rexistrado IGE

Analizando a evolución por sexos podemos comprobar que os homes tiveron unha evolución máis positiva en Santiago. En xaneiro representaban o 44,80% do total de persoas paradas na nosa localidade e a finais do primeiro semestre diminuirán ata o 43,62% do total, baixando por vez primeira en 2009 dos 3.000 parados e situándose en 2.856 homes. Estes datos supón un descenso de 215 homes nos seis primeiros meses do ano fronte a unha baixada de só 93 mulleres no mesmo período. O paro feminino pasa así de representar o 55,20% do total en xaneiro ao 56,38% en xuño.

Esta evolución que ten lugar en Compostela é diferente da que se experimenta tanto na provincia como en Galiza, onde a porcentaxe de desemprego masculino segue a tendencia alcista que xa se experimentara o ano anterior. Así, se na provincia coruñesa os homes desempregados pasaron do 44,49% do total en

xaneiro ao 44,62% en xuño. No conxunto de Galiza o aumento foi superior pasando no mesmo período do 44,49% ao 44,73% de desempregados.

En canto ao paro feminino rexistrado, a comparativa entre os valores de xaneiro cos de xuño amosa un descenso do 2,46% en Santiago mentres que no conxunto de Galiza foi do 0,97%. Pola contra, na provincia coruñesa aumentou o paro entre as mulleres no primeiro semestre de 2009 un 1,93%.

As cifras máis elevadas de desemprego corresponderon ao mes de marzo, tanto no conxunto de Galiza como a nivel local. Pola contra na provincia de A Coruña as maiores cifras acádanse no mes de abril.

Nos primeiros seis meses de 2009, a cifra de persoas paradas descendeu en 308 en Santiago o que supón un 4,49% do total dos parados existentes en xaneiro. En Galiza o descenso foi de 1.076 persoas que representan un 0,53%. A situación oposta ten lugar na provincia da Coruña onde o desemprego aumentou en 1.724 persoas nos primeiros seis meses, cun crecemento do 2,17% dende que comezou 2009.

Analizando os cambios experimentados cada mes, o paro feminino en Santiago aumenta en torno a 90 mulleres cada mes entre xaneiro e marzo, a continuación estabilízase e logo empeza a descender en 76 mulleres de abril a maio e en 190 deste mes a xuño, no que representa o mellor dato do primeiro semestre de 2009 e consecuencia directa do seu carácter estacional. O paro masculino en conxunto, a pesar de ter menor volume que o feminino, oscila entre valores máis elevados. En Santiago os homes parados aumentaron de xaneiro a febreiro en 61 e deste mes a marzo en 113. Dende entón o descenso foi progresivo con 89 homes menos de marzo a abril, 98 menos de abril a maio e chegando a descender en 202 homes de maio a xuño.

### Táboa 5: Evolución do paro rexistrado por sexos en Santiago, A Coruña e Galiza

| Núm. de persoas paradas | Santiago | | | Galiza | | | A Coruña | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Muller | Home | TOTAL | Muller | Home | TOTAL | Muller | Home | TOTAL |
| Xaneiro | 3.784 | 3.071 | 6.855 | 111.758 | 89.558 | 201.316 | 44.081 | 35.329 | 79.410 |
| Febreiro | 3.874 | 3.132 | 7.006 | 113.955 | 92.615 | 206.570 | 44.888 | 36.283 | 81.171 |
| Marzo | 3.965 | 3.245 | 7.210 | 116.904 | 94.580 | 211.484 | 46.168 | 37.424 | 83.592 |
| Abril | 3.957 | 3.156 | 7.113 | 116.419 | 94.243 | 210.662 | 46.489 | 37.740 | 84.229 |
| Maio | 3.881 | 3.058 | 6.939 | 114.979 | 92.539 | 207.518 | 46.384 | 37.320 | 83.704 |
| Xuño | 3.691 | 2.856 | 6.547 | 110.678 | 89.562 | 200.240 | 44.930 | 36.204 | 81.134 |

Elaboración propia a partir de datos da Consellería de Traballo. Informe do paro rexistrado.
IGE.

O paro rexistrado en Santiago de Compostela continúa a tendencia que xa experimentara en 2008 e segue a perder peso en relación con outras localidades galegas, o que pon de relevo o seu mellor comportamento fronte a actual situación de crise. Compróbase no feito de que as persoas paradas compostelás

supoñían a principios de 2009 o 8,63% das existentes na provincia e o 3,41% do total de parados galegos. A finais de xuño estes valores diminuirán ata acadar o 8,07% dos parados provinciais e o 3,27% do total de persoas paradas en Galiza.

Se analizamos os datos en función da idade, Santiago continúa rexistrando maior número de parados entre os 25 e os 29 anos tal e como é característico fronte ao comportamento da provincia e a comunidade onde o grupo máis numeroso é o dos 30 aos 34 anos.

En Galiza o paro rexistrado no primeiro semestre de 2009 tivo un comportamento en forma de U invertida, dando como resultado un descenso leve se analizamos os datos totais de xaneiro e xuño. En función das idades o comportamento foi moi diferente xa que só tres grupos de idade viron baixado o número total de parados rexistrados.

A franxa de 20 a 24 anos descendeu na primeira metade do ano nun 8,76% en número de persoas paradas, pasando de 16.683 a 15.221. Outro descenso destacado ten lugar na franxa entre 25 e 29 anos que diminuíu nun 5,10% pasando de 27.306 persoas a 25.914. O grupo entre 30 e 34 anos tamén descendeu pero só o 0,83%. Os restantes grupos de idade experimentaron un aumento do paro. O máis acusado foi o incremento que tivo lugar entre persoas de 60 a 64 anos cunha suba do 3,22% no primeiro semestre de 2009. A continuación aparece o 2,27% do grupo entre 50 e 54 anos, o 1,47% de persoas entre 40 e 44 anos e o aumento do 1,38% entre os 55 e 59 anos.

**Táboa 6: Evolución do paro rexistrado en Galiza por idades no primeiro semestre de 2009**

| NÚMERO DE PERSOAS PARADAS EN GALIZA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Xaneiro** | **Febreiro** | **Marzo** | **Abril** | **Maio** | **Xuño** |
| 16 a 19 | 4.422 | 4.538 | 4.770 | 4.624 | 4.519 | 4.448 |
| 20 a 24 | 16.683 | 17.434 | 17.976 | 17.536 | 16.904 | 15.221 |
| 25 a 29 | 27.306 | 28.262 | 29.133 | 28.737 | 27.862 | 25.914 |
| 30 a 34 | 28.822 | 29.705 | 30.554 | 30.395 | 29.782 | 28.582 |
| 35 a 39 | 25.272 | 26.031 | 26.635 | 26.542 | 26.328 | 25.444 |
| 40 a 44 | 22.635 | 23.173 | 23.804 | 23.888 | 23.637 | 22.967 |
| 45 a 49 | 20.952 | 21.410 | 21.923 | 22.052 | 21.749 | 21.210 |
| 50 a 54 | 19.681 | 20.078 | 20.400 | 20.487 | 20.351 | 20.127 |
| 55 a 59 | 19.544 | 19.775 | 19.975 | 19.944 | 19.851 | 19.813 |
| 60 a 64 | 15.999 | 16.164 | 16.314 | 16.457 | 16.535 | 16.514 |
| **TOTAL** | **201.316** | **206.570** | **211.484** | **210.662** | **207.518** | **200.240** |

Consellería de Traballo. *Informe do paro rexistrado*. IGE

Na provincia coruñesa o paro rexistrado soamente descendeu en dous grupos de idade, concretamente baixou de xaneiro a xuño un 4,00% no grupo de 20 a 24 anos e un 1,81% no grupo de 25 a 29 anos. Pola contra tivo aumentos

moito máis acusados que os do conxunto de Galiza. A franxa de 50 a 54 anos aumentou un 5,03% en número de persoas paradas, seguida do crecemento do 4,32% entre persoas de 35 a 39 anos, o 4,17% entre 60 e 64 anos e o 4,10% no grupo entre 40 e 44 anos.

**Táboa 7: Evolución do paro rexistrado na Coruña por idades no primeiro semestre de 2009**

| NÚMERO DE PEROAS PARADAS NA PROVINCIA DA CORUÑA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
| 16 a 19 | 1.539 | 1.556 | 1.621 | 1.615 | 1.589 | 1.573 |
| 20 a 24 | 6.170 | 6.401 | 6.694 | 6.720 | 6.593 | 5.923 |
| 25 a 29 | 10.671 | 11.001 | 11.476 | 11.386 | 11.197 | 10.478 |
| 30 a 34 | 11.336 | 11.650 | 12.101 | 12.246 | 12.122 | 11.636 |
| 35 a 39 | 10.113 | 10.408 | 10.727 | 10.812 | 10.816 | 10.550 |
| 40 a 44 | 9.063 | 9.193 | 9.444 | 9.642 | 9.655 | 9.435 |
| 45 a 49 | 8.460 | 8.575 | 8.832 | 8.906 | 8.821 | 8.692 |
| 50 a 54 | 7.830 | 8.034 | 8.141 | 8.287 | 8.272 | 8.224 |
| 55 a 59 | 7.705 | 7.769 | 7.862 | 7.870 | 7.852 | 7.828 |
| 60 a 64 | 6.523 | 6.584 | 6.694 | 6.745 | 6.787 | 6.795 |
| **TOTAL** | **79.410** | **81.171** | **83.592** | **84.229** | **83.704** | **81.134** |

Consellería de Traballo. *Informe do paro rexistrado*. IGE.

En Santiago de Compostela o paro rexistrado descendeu en todas as franxas de idade a excepción do grupo entre 35 e 39 anos que tivo un leve incremento do 0,26 % no primeiro semestre do ano, pasando de 781 a 783 persoas. Os descensos máis acusados corresponderon ao grupo entre 16 e 19 anos cun 20,41% menos de persoas paradas rexistradas, seguido da baixada dun 15,60% entre a mocidade de 20 a 24 anos. Outros descensos importantes tiveron lugar nos grupos de 25 a 29 anos cunha diminución do 6,69%, seguida do 4,17% experimentado polas persoas de 55 a 59 anos.

Á hora de analizarmos o paro rexistrado en función das variables sexo e idade de forma conxunta, apreciamos que o número de homes parados só supera o de mulleres no grupo de menores de 25 anos. O paro masculino nesta idade presentou un descenso importante no mes de abril e sobre todo en maio cando case chega a equipararse cos valores do feminino.Non obstante, o bo comportamento en xuño do paro entre mulleres menores de 25 anos fixo que aumentase novamente a diferenza entre eles. A pesar disto, ambos os grupos son os que presentan unha baixada máis importante ao longo da primeira metade de 2009 en Santiago. Entre esta xente moza o paro masculino descende un 15,89% e o feminino un 16,77%.

A maior cantidade de parados pertencen á franxa entre 25 e 44 anos pero atendendo ao sexo evolucionan de xeito diferente. O paro masculino creceu a principios de ano acadando o seu maior valor en marzo cando se viu incre-

### Táboa 8: Evolución do paro rexistrado en Santiago de Compostela por idades no primeiro semestre de 2009

| NÚMERO DE PERSOAS PARADAS EN SANTIAGO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Xaneiro** | **Febreiro** | **Marzo** | **Abril** | **Maio** | **Xuño** |
| 16 a 19 | 98 | 94 | 95 | 74 | 69 | 78 |
| 20 a 24 | 577 | 580 | 613 | 606 | 578 | 487 |
| 25 a 29 | 1.196 | 1.244 | 1.319 | 1.245 | 1.247 | 1.116 |
| 30 a 34 | 1.127 | 1.180 | 1.217 | 1.224 | 1.167 | 1.093 |
| 35 a 39 | 781 | 803 | 826 | 837 | 813 | 783 |
| 40 a 44 | 684 | 693 | 697 | 714 | 714 | 669 |
| 45 a 49 | 653 | 661 | 678 | 654 | 640 | 615 |
| 50 a 54 | 590 | 598 | 599 | 610 | 602 | 585 |
| 55 a 59 | 648 | 649 | 658 | 640 | 617 | 621 |
| 60 a 64 | 501 | 504 | 508 | 509 | 492 | 500 |
| **TOTAL** | **6.855** | **7.006** | **7.210** | **7.113** | **6.939** | **6.547** |

Consellería de Traballo. Instituto Galego das Cualificacións

mentado en 96 homes en relación co mes anterior. A partir dese momento comezou un progresivo descenso que acadou o seu valor máis importante en xuño cunha baixada de 164 parados, dando como resultado un descenso global no semestre do 6,11%. O paro entre mulleres de 25 a 44 anos pola contra só descendeu o 1,22% a pesar de representar o grupo máis numeroso. Na súa evolución destaca o incremento acadado a principios de ano e a estabilidade rexistrada en marzo e abril para comezar un descenso que logrou o maior valor en xuño co rexistro de 116 mulleres menos en relación ao mes precedente.

O grupo de parados de 45 ou máis anos presentan un comportamento similar. Se ben as súas cifras crecen ata marzo, a partir de entón a tendencia invértese. Paradoxalmente, as maiores baixadas non teñen lugar no mes de xuño como sucedía nas outras franxas de idade senón que acontecen no mes de maio con 41 homes e 21 mulleres paradas menos en relación ao mes anterior. Analizando os seis primeiros meses do ano o paro masculino nestas persoas presenta unha maior baixada, cun descenso do 5,32% fronte ao 1,12% no paro feminino.

### Táboa 9: Paro rexistrado por sexo e idade en Santiago de Compostela no primeiro semestre de 2009

| Sexo | Idade | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Home | Menos de 25 | 365 | 362 | 373 | 347 | 327 | 307 |
| | 25-44 anos | 1.654 | 1.700 | 1.796 | 1.754 | 1.717 | 1.553 |
| | 45 ou máis | 1.052 | 1.070 | 1.076 | 1.055 | 1.014 | 996 |
| Muller | Menos de 25 | 310 | 312 | 335 | 333 | 320 | 258 |
| | 25-44 anos | 2.134 | 2.220 | 2.263 | 2.266 | 2.224 | 2.108 |
| | 45 ou máis | 1.340 | 1.342 | 1.367 | 1.358 | 1.337 | 1.325 |
| TOTAL | | 6.855 | 7.006 | 7.210 | 7.113 | 6.939 | 6.547 |

Páxina web Servizo Público de Emprego Estatal

Se analizamos os datos en función do nivel de estudos, a maior baixada de paro rexistrado ten lugar entre as persoas con formación de BUP, bacharelato superior ou COU cun descenso do 10,19% no semestre. A continuación aparecen os titulados en formación profesional cunha baixada do 6,85%. Curiosamente o único grupo no que aumentou o paro foi entre os titulados universitarios cunha suba do 2,23%, tendo en conta que os parados con outro tipo de titulacións non se consideran debido ao seu pouco peso específico no conxunto total de parados. Cómpre sinalar tamén que só o grupo de persoas paradas con formación até certificado de escolaridade presentou un descenso no seu rexistro de parados durante todos os meses.

### Táboa 10: Evolución do paro rexistrado en Santiago de Compostela por nivel de estudos no primeiro semestre de 2009

| NÚM. DE PERSOAS PARADAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
| Até certificado de escolaridade* | 1.814 | 1.811 | 1.803 | 1.797 | 1.757 | 1.718 |
| Titulación ensino obrigatorio | 1.648 | 1.722 | 1.792 | 1.720 | 1.659 | 1.565 |
| Formación Profesional | 934 | 966 | 971 | 960 | 941 | 870 |
| BUP / Bacharelato superior / COU | 1.021 | 1.034 | 1.087 | 1.048 | 1.009 | 917 |
| Titulados/as Universitarios/as | 1.432 | 1.467 | 1.552 | 1.580 | 1.564 | 1.464 |
| Outras titulacións | 6 | 6 | 5 | 8 | 9 | 13 |
| **TOTAL** | **6.855** | **7.006** | **7.210** | **7.113** | **6.939** | **6.547** |

*Inclúe certificado de escolaridade, primarios sen certificado e sen estudos
Consellería de Traballo. Instituto Galego das Cualificacións

As persoas paradas de longa duración seguen a caracterizarse pola súa estabilidade ao longo dos meses e pola grande diferenza entre sexos, xa que as mulleres case duplican ao número de homes nesta situación. Considérase persoa parada de longa duración a todo demandante parado menor de 25 anos que leva máis de 180 días inscrito como tal, ou ben que ten 25 anos ou máis e leva inscrito máis de 365 días. No primeiro semestre de 2009 este grupo presentou un leve aumento nos meses de marzo e xuño, tanto entre os homes como entre as mulleres.

O restante grupo de persoas paradas, denominadas de curta duración polo menor tempo que hai que se atopan nesta situación, presentan unha gráfica en forma de U invertida, moi similar á de parados totais rexistrados. Entre homes e mulleres a súa evolución foi diferente. Se o paro masculino de curta duración comezou a descender no mes de abril, o feminino non o fixo ata un mes despois pero a unha velocidade menor. Así, en marzo a diferenza por sexos era só de 33 mulleres paradas de curta duración máis que homes pero a finais de semestre xa se acadara un valor de 162 mulleres.

En 2009 implantouse unha nova clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 2009), a través da cal podemos ver a evolución que experi-




**GRÁFICO 7: Evolución das persoas paradas de longa duración no primeiro semestre en Santiago de Compostela por sexos**

Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia




**GRÁFICO 8: Evolución das persoas paradas de curta duración no primeiro semestre en Santiago de Compostela por sexos**

Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia

mentou o paro en cada unha delas. Se atendemos a esta clasificación, o número de persoas paradas en Santiago de Compostela tivo un comportamento diferente en función da actividade.

En termos xerais o paro semestral descendeu en Compostela a pesar de que as tres actividades máis numerosas desta clasificación experimentaron un au-

**Táboa 11: Evolución das persoas paradas de Santiago de Compostela por seccións (clasificación CNAE 2009)**

| | | NÚM. DE PERSOAS PARADAS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
| A | Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca | 78 | 85 | 80 | 81 | 77 | 75 |
| B | Industrias extractivas | x | x | x | x | x | 0 |
| C | Industria manufactureira | 539 | 555 | 566 | 560 | 557 | 549 |
| D | Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | x | x | 4 | 4 | x | x |
| E | Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación | 6 | 6 | 4 | x | x | x |
| F | Construción | 316 | 336 | 314 | 300 | 269 | 257 |
| G | Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas | 73 | 75 | 81 | 82 | 71 | 66 |
| H | Transporte e almacenamento | 51 | 58 | 59 | 56 | 54 | 60 |
| I | Hostalaría | 202 | 185 | 190 | 167 | 148 | 134 |
| J | Información e comunicacións | 77 | 74 | 89 | 96 | 84 | 89 |
| K | Actividades financeiras e de seguros | 42 | 42 | 44 | 45 | 45 | 45 |
| M | Actividades profesionais, científicas e técnicas | 406 | 417 | 425 | 432 | 454 | 441 |
| N | Actividades administrativas e servizos auxiliares | 33 | 31 | 35 | 29 | 34 | 32 |
| P | Educación | 316 | 322 | 311 | 288 | 272 | 272 |
| Q | Actividades sanitarias e servizos sociais | 76 | 74 | 73 | 79 | 70 | 53 |
| R | Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 153 | 150 | 164 | 156 | 146 | 142 |
| S | Outros servizos | 4 | x | 4 | x | x | x |
| U | Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais | x | x | x | x | x | x |
| X | Sen sección asociada | 589 | 604 | 695 | 707 | 700 | 643 |
| **TOTAL** | | **6.855** | **7.006** | **6.855** | **7.113** | **6.939** | **6.547** |

x= 3 ou menos
Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia

mento no seu número de parados rexistrados. Isto foi debido a que a baixada do paro en certas actividades foi moito máis acusada.

O grupo máis numeroso é o que aparece como *sen sección asociada*, que tivo un aumento semestral do 9,17% situándose en 643 persoas paradas en xuño. A continuación aparece a *industria manufactureira*, onde medrou o paro nos seis primeiros meses do ano un 1,86% chegando ata as 549 persoO terceiro grupo por volume de persoas paradas é o de *actividades profesionais, científicas e técnicas*, que aumentou de 406 persoas en xaneiro ata as 441 de xuño, o que supuxo un crecemento do 8,62%.

A continuación aparecen a *construción*, a *educación* e a *hostalaría*. Os dous primeiros grupos tiñan en xaneiro o mesmo número de persoas paradas en Santiago, en concreto 316 e, aínda que incrementaron o seu valor en febreiro, a partir de marzo experimentaron un descenso importante pero con diferente intensidade. Na *educación* o paro rexistrado diminuíu no primeiro semestre un 13,92% ata as 272 persoas. A *construción* presentou unha tendencia máis positiva ao rematar o semestre con 257 persoas paradas, o que indica unha baixada do 18,67% durante os primeiros seis meses de 2009. Pero a actividade que tivo o maior descenso foi a *hostalaría*, pasando de 202 persoas paradas en xaneiro a 134 en xuño, dando lugar a un 33,66% menos de paro rexistrado.

En función dos grandes grupos de ocupación, a maioría das persoas paradas en Santiago de Compostela atópanse no grupo de *traballadoras/es non cualificadas/os* e no de *traballadoras/es dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras/es dos comercios*. Os descensos máis importantes no semestre tiveron lugar entre as/os *empregadas/os de tipo administrativo*, cun 8,76% menos e entre as/os *traballadoras/es dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras/es dos comercios* cun descenso do 6,48%.

Só dous grupos presentaron un aumento de parados. Foron o de *dirección das empresas e das administracións públicas* onde o paro rexistrado aumentou de xaneiro a xuño un 19,31% e o de *técnicas/os e profesionais de apoio*, que sendo moito máis numeroso que o grupo anterior, creceu un 4,66% ata acadar 2.356 persoas paradas ao remate do semestre.

En canto ao sexo, as mulleres aparecen en maior número no grupo de *traballadoras dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras dos comercios*, cun total de 2.474 paradas en xuño de 2009, o que supón un descenso do 5,86% dende xaneiro. Tamén destacan como *traballadoras non cualificadas*, que pasaron de 1.937 a 1.804 nos seis primeiros meses de 2009, representando unha baixada do 6,87% e como *empregadas de tipo administrativo*, descendendo un 6,66% ao pasar de 1.803 a 1.683 paradas.

Destaca o feito de que no grupo de *técnicas/os e profesionais de apoio* onde o número de mulleres é superior ao de homes, o paro feminino aumentou o 9,13% mentres que o masculino descendeu o 1,12%.

Os homes pertencen en maior número ao grupo de *traballadores non cualificados*, cun total de 1.573 en xuño de 2009 e unha baixado do 3,73% no primeiro semestre do ano. Tamén destaca a súa presenza no grupo de *artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria*. Se o número de homes parados neste grupo era de 1.270 a principios de ano, en xuño era de 1.201 cun descenso do 5,43%.

## Táboa 12: Evolución das persoas paradas en Santiago de Compostela asociados/as aos nove grandes grupos de ocupación por sexo

| NÚMERO DE PERSOAS PARADAS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | **Xaneiro** | **Febreiro** | **Marzo** | **Abril** | **Maio** | **Xuño** |
| 0 | Forzas armadas | 4 | 5 | 5 | 5 | x | x |
| | Home | 4 | 5 | 5 | 5 | x | x |
| 1 | Dirección das empresas e das administracións públicas | 145 | 148 | 154 | 165 | 167 | 173 |
| | Muller | 65 | 66 | 69 | 79 | 77 | 80 |
| | Home | 80 | 82 | 85 | 86 | 90 | 93 |
| 2 | Técnicos/as e profesionais científicos/as e intelectuais | 2.388 | 2.451 | 2.536 | 2.519 | 2.474 | 2.381 |
| | Muller | 1.709 | 1.744 | 1.785 | 1.794 | 1.792 | 1.720 |
| | Home | 679 | 707 | 751 | 725 | 682 | 661 |
| 3 | Técnicos/as e profesionais de apoio | 2.251 | 2.332 | 2.467 | 2.538 | 2.478 | 2.356 |
| | Muller | 1.271 | 1.344 | 1.391 | 1.465 | 1.436 | 1.387 |
| | Home | 980 | 988 | 1.076 | 1.073 | 1.042 | 969 |
| 4 | Empregados/as de tipo administrativo | 2.330 | 2.414 | 2.495 | 2.386 | 2.306 | 2.126 |
| | Muller | 1.803 | 1.892 | 1.938 | 1.858 | 1.792 | 1.683 |
| | Home | 527 | 522 | 557 | 528 | 514 | 443 |
| 5 | Traballadores/as dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as dos comercios | 3.347 | 3.408 | 3.548 | 3.460 | 3.375 | 3.130 |
| | Muller | 2.628 | 2.718 | 2.775 | 2.716 | 2.642 | 2.474 |
| | Home | 719 | 690 | 773 | 744 | 733 | 656 |
| 6 | Traballadores/as cualificados/as na agricultura e na pesca | 350 | 372 | 369 | 351 | 342 | 336 |
| | Muller | 116 | 127 | 124 | 112 | 103 | 104 |
| | Home | 234 | 245 | 245 | 239 | 239 | 232 |
| 7 | Artesáns/artesás e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras, a construción, e a minaría, agás os/as operadores/as de instalacións e maquinaria | 1.476 | 1.515 | 1.561 | 1.503 | 1.465 | 1.391 |
| | Muller | 206 | 200 | 220 | 211 | 208 | 190 |
| | Home | 1.270 | 1.315 | 1.341 | 1.292 | 1.257 | 1.201 |
| 8 | Operadores/as de instalación e maquinaria e montadores/as | 999 | 1.048 | 1.115 | 1.065 | 1.018 | 943 |
| | Muller | 241 | 243 | 258 | 249 | 238 | 221 |
| | Home | 758 | 805 | 857 | 816 | 780 | 722 |
| 9 | Traballadores/as non cualificados/as | 3.571 | 3.611 | 3.719 | 3.589 | 3.477 | 3.377 |
| | Muller | 1.937 | 1.923 | 1.962 | 1.902 | 1.853 | 1.804 |
| | Home | 1.634 | 1.688 | 1.757 | 1.687 | 1.624 | 1.573 |
| **TOTAL DE PERSOAS PARADAS** | | **16.861** | **17.304** | **17.969** | **17.581** | **X** | **X** |
| **TOTAL MULLERES** | | **9.976** | **10.257** | **10.522** | **10.386** | **10.141** | **9.663** |
| **TOTAL HOMES** | | **6.885** | **7.047** | **7.447** | **7.195** | **X** | **X** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia

### Táboa 13: Paro rexistrado por sectores no concello de Santiago no primeiro semestre de 2009

| SECTOR | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Agricultura | 74 | 75 | 90 | 92 | 88 | 84 |
| Industria | 613 | 630 | 604 | 601 | 589 | 577 |
| Construción | 776 | 804 | 876 | 851 | 794 | 743 |
| Servizos | 4.424 | 4.521 | 4.951 | 4.868 | 4.773 | 4.504 |
| Sen emprego anterior | 968 | 976 | 689 | 701 | 695 | 639 |
| **TOTAL** | **6.855** | **7.006** | **7.210** | **7.113** | **6.939** | **6.547** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia

### Táboa 14: Ocupacións máis demandadas a catro díxitos no ámbito feminino a xuño de 2009. Santiago de Compostela

| CNO | DESCRICIÓN | TOTAL |
|---|---|---|
| 5330 | Dependentas e exhibidoras en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 997 |
| 9121 | Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros estabelecementos similares | 963 |
| 4210 | Taquígrafas e mecanógrafas | 789 |
| 9121 | Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros estabelecementos similares | 476 |
| 4510 | Empregadas de información e recepcionistas en oficinas | 334 |
| 5113 | Asistentas domiciliarias | 309 |
| 4601 | Caixeiras, vendedoras de billetes (excepto bancos e correos) | 297 |
| 9800 | Peóns do transporte e descargadores | 218 |
| 5020 | Camareiros, barmans e asimilados | 212 |
| 9121 | Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros estabelecementos similares | 197 |
| **Total das dez ocupacións máis demandadas** | | **4.792** |
| **Total das ocupacións demandadas** | | **13.354** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia
Datos de xuño de 2009

A finais de xuño, o paro rexistrado divídese por sectores do seguinte xeito: 1,28% na agricultura, 8,81% na industria, 11,35% na construción, 68,8% nos servizos e 9,76% no grupo de persoas paradas sen emprego anterior.

Se analizamos a evolución, obtemos que os sectores onde medrou o paro foron dous: a agricultura, cunha suba do 13,51% acadando a cifra máis elevada en abril, e os servizos, cun aumento do 1,81% chegando a 4.951 persoas paradas en marzo para baixar ata as 4.504 a finais de semestre.

O maior descenso tivo lugar entre as persoas sen emprego anterior. Este grupo representaba o 14,12% do total de parados en xaneiro con 968 persoas pero reduciu drasticamente esta cifra en marzo e rematou o semestre con 639 persoas.

No relativo ás ocupacións máis demandadas é preciso aclarar que unha mesma persoa parada pode solicitar até seis ocupacións distintas nas que desexa traballar. Por este motivo, o total de ocupacións é superior ao número de persoas paradas rexistradas.

En xuño de 2009 as ocupacións máis solicitadas entre as mulleres eran a de *persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros estabelecementos similares*, con 1.636 solicitudes, e a de *dependenta e exhibidora en tendas, almacéns, quioscos e mercados*, con 997.

Entre os homes, a ocupación máis solicitada continúa a ser a de *peón do transporte e descargador*, con 652 solicitudes, seguida de *peón da construción de edificios*, con 367.

### Táboa 15: Ocupacións máis demandadas a catro díxitos no ámbito masculino a xuño de 2009. Santiago de Compostela

| CNO | DESCRICIÓN | TOTAL |
|---|---|---|
| 9800 | Peóns do transporte e descargadores | 458 |
| 9602 | Peóns da construción de edificios | 367 |
| 4210 | Taquígrafos e mecanógrafos | 266 |
| 8610 | Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas | 258 |
| 6022 | Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns | 231 |
| 7110 | Albaneis e canteiros | 220 |
| 5330 | Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 212 |
| 5020 | Camareiros, barmans e asimilados | 210 |
| 9800 | Peóns do transporte e descargadores | 194 |
| 8630 | Condutores de camións | 153 |
| **Total das dez ocupacións máis demandadas** | | **2.569** |
| **Total das ocupacións demandadas** | | **9.409** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia
Datos de xuño de 2009

# Ofertas

No primeiro semestre de 2009 realizáronse en Santiago de Compostela 408 ofertas de emprego, das que 399 non especificaban o sexo da persoa traballadora, o que supón o 97,79% do total.

O segundo trimestre presentou mellores datos que o primeiro xa que se fixeron 24 ofertas máis.

**Táboa 16: Ofertas do primeiro semestre de 2009 con requirimento de sexo e sen este requirimento en Santiago de Compostela**

| NÚMERO DE OFERTAS | | |
|---|---|---|
| | 1º trimestre | 2º trimestre |
| Home | 1 | 3 |
| Muller | 3 | 2 |
| Sen requirimento | 188 | 211 |
| **TOTAL** | **192** | **216** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia




**GRÁFICO 9: Evolución de ofertas por nivel académico e sen este requirimento no primeiro semestre de 2009**

Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións. Consellaría de Traballo. Xunta de Galicia

Como adoita ser habitual, na maioría de ofertas de emprego que se realizan non se require un nivel de formación determinado. Este tipo de ofertas sen requirimento de nivel académico

foron 150 no primeiro trimestre, representando o 78,13% do total e aumentaron até as 192 no segundo trimestre, pasando a supoñer o 88,89% das ofertas realizadas nese período.

As ofertas nas que se require unha formación determinada baixaron en todos os casos entre o primeiro e o segundo trimestre, sendo destacábel a baixada para persoas con certificado de escolaridade, bacharelato e formación profesional, a pesar de que estes grupos representan unha porcentaxe baixa do total de ofertas.

Segundo a nova clasificación CNAE 2009, as seccións nas que se concentran un maior número de ofertas de emprego no primeiro semestre de 2009 son as de *construción,comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas, outros servizos* e *hostalaría*. Entre estes catro grupos englóbanse un total de 214 ofertas, que representan algo máis da metade das que tiveron lugar.

Dependendo da sección, a evolución entre os trimestres foi diferente. Así, aparecen actividades nas que se mantén unha certa estabilidade nas ofertas

**Táboa 17: Evolución de ofertas por seccións (clasificación CNAE 2009) dende o primeiro trimestre ao segundo trimestre de 2009**

| NÚM. DE OFERTAS | | 1º trimestre | 2º trimestre |
|---|---|---|---|
| A | Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca | 2 | 10 |
| C | Industrias extractivas | 6 | 4 |
| E | Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación | 1 | 10 |
| F | Construción | 17 | 53 |
| G | Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas | 30 | 30 |
| H | Transporte e almacenamento | 8 | 6 |
| I | Hostalaría | 24 | 12 |
| J | Información e comunicacións | 12 | 10 |
| K | Actividades financeiras e de seguros | 3 | 3 |
| L | Actividades inmobiliarias | 2 | 5 |
| M | Actividades profesionais, científicas e técnicas | 7 | 8 |
| N | Actividades administrativas e servizos auxiliares | 13 | 15 |
| O | Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria | 9 | 10 |
| P | Educación | 4 | 7 |
| Q | Actividades sanitarias e servizos sociais | 17 | 7 |
| R | Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 4 | 0 |
| S | Outros servizos | 26 | 22 |
| T | Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produto | 4 | 1 |
| X | Sen sección asociada | 3 | 3 |
| **TOTAL** | | **192** | **216** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia

como poden ser o *comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas* e *outros servizos.*

O descenso máis acusado entre as actividades con maior número de ofertas foi a *hostalaría*, que pasou de 24 a 12 ofertas entre o primeiro e o segundo trimestre.

Especialmente significativo foi o crecemento na *construción* que pasou no mesmo tempo de 17 a 53 ofertas.

As dez ocupacións máis ofertadas supoñen unha porcentaxe do 43,23% do total entre xaneiro e marzo, e do 47,22% entre abril e xuño. Tal como se pode ver nas táboas, hai importantes variacións nas posicións das distintas ocupacións.

Así, as dúas primeiras ocupacións do segundo trimestre de *albaneis e canteiras/os* e *peóns da construción de edificios* non aparecen entre as dez primeiras entre xaneiro e marzo. Tamén xorden entre as dez primeiras as ofertas para

**Táboa 18: Ocupacións máis ofertadas. A catro díxitos no primeiro e no segundo trimestre de 2009**

| CNO | DESCRICIÓN | TOTAL |
|---|---|---|
| | **PRIMEIRO TRIMESTRE** | |
| 9110 | Empregadas/os do fogar | 13 |
| 4210 | Taquígrafas/os e mecanógrafas/os | 10 |
| 5020 | Camareiras/os, barmans e asimilados | 10 |
| 5330 | Dependentas/es e exhibidoras/es en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 10 |
| 9121 | Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras/os de piso) e outros estabelecementos similares | 10 |
| 5010 | Cociñeiras/os e outras/os preparadoras/es de comidas | 9 |
| 3320 | Representantes de comercio e técnicas/os de venda | 7 |
| 3031 | Programadoras/es de aplicacións informáticas e controladoras/es de equipos informáticos | 6 |
| 4011 | Empregadas/os de contabilidade e cálculo de nóminas e salarios | 4 |
| 8630 | Condutoras/es de camións | 4 |
| **Total das dez ocupacións máis ofertadas** | | **83** |
| **Total das ocupacións ofertadas** | | **192** |
| | **SEGUNDO TRIMESTRE** | |
| 7110 | Albaneis e canteiras/os | 24 |
| 9602 | Peóns da construción de edificios | 19 |
| 4210 | Taquígrafas/os e mecanógrafas/os | 11 |
| 9121 | Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras/os de piso) e outros estabelecementos similares | 9 |
| 5010 | Cociñeiras/os e outras/os preparadoras/es de comidas | 8 |
| 5330 | Dependentas/es e exhibidoras/es en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 7 |
| 9110 | Empregadas/os do fogar | 7 |
| 3320 | Representantes de comercio e técnicas/os de venda | 6 |
| 8541 | Condutoras/es de maquinaria de movemento de terras e equipos similares | 6 |
| 4011 | Empregadas/os de contabilidade e cálculo de nóminas e salarios | 5 |
| **Total das dez ocupacións máis ofertadas** | | **102** |
| **Total das ocupacións ofertadas** | | **216** |

Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia

*condutoras/es de maquinaria de movemento de terras e equipos similares.* Estes feitos poden explicarse debido á importante suba de ofertas experimentada polo sector da construción a partir de abril.

Pola contra, as ofertas para *camareiras/os, barmans e asimilados* perden importancia debido á baixada experimentada no sector da hostalaría. Así mesmo, tamén desaparecen entre as dez primeiras as ofertas para *programadoras/es de aplicacións informáticas e controladoras/es de equipos informáticos* e descenden as ofertas para *empregadas/os do fogar*.

Outras ocupacións vinculadas cos servizos, comercio ou oficinas teñen un número de ofertas similar entre os trimestres, como é o caso de *taquígrafas/os e mecanógrafas/os, persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras/os de piso) e outros estabelecementos similares* ou *representantes de comercio e técnicas/os de venda.*

# Contratos

O número de contratos rexistrados no concello de Santiago durante o primeiro semestre de 2009 ascenderon a un total de 24.167, dos que o 48,12% corresponderon a mulleres e o 51,88% a homes.

Estes datos veñen manifestar un descenso destacado en comparación cos semestres precedentes onde os contratos se movían en torno aos 30.000 semestrais. Tamén pon de manifesto unha variación en función do sexo, xa que no derradeiro semestre de 2008 os contratos femininos superaban aos masculinos.

Os meses máis destacados foron os de xaneiro e xuño, con 4.255 e 4.863 contratos respectivamente. Os restantes meses o número oscilou entre os 3.843 contratos de marzo e os 3.688 de maio. O maior crecemento tivo lugar en xuño, cunha suba do 32,71% de contratos femininos e do 31,08% masculinos en comparación co anterior mes.

En función do sexo, os contratos masculinos presentan maior estabilidade durante o primeiro trimestre do ano situándose por enriba dos 2.000 mensuais. Diminuíron en abril e maio para aumentar de xeito importante en xuño. Entre as mulleres, de xaneiro a febreiro houbo 539 contratos menos e despois comezou un ascenso ata maio, onde volveron baixar os valores e aumentar novamente en xuño cunha suba de 599 contratos.

**Táboa 19: Contratos por sexo.Santiago de Compostela**

| | NÚMERO DE CONTRATOS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Xaneiro** | **Febreiro** | **Marzo** | **Abril** | **Maio** | **Xuño** | **TOTAL** |
| Muller | 2.230 | 1.691 | 1.791 | 1.820 | 1.761 | 2.337 | 11.630 |
| Home | 2.025 | 2.058 | 2.052 | 1.949 | 1.927 | 2.526 | 12.537 |
| **TOTAL** | **4.255** | **3.749** | **3.843** | **3.769** | **3.688** | **4.863** | **24.167** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellaría de Traballo. Xunta de Galicia
Datos de xaneiro a xuño de 2009

Analizando os contratos en función da idade, o grupo máis numeroso correspóndese coas persoas entre 25 e 29 anos, ás que pertencen o 22,65% dos contratos realizados nos primeiros seis meses de 2009. A continuación están as persoas entre 30 e 34 anos co 20,20% dos contratos , e o grupo entre 20 e 24 anos, co 15,84%. Estas cifras amosan unha variación con respecto aos

## Táboa 20: Contratos por idade.Santiago de Compostela

| NÚMERO DE CONTRATOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño | TOTAL |
| 16 a 19 | 98 | 99 | 98 | 109 | 95 | 151 | 650 |
| 20 a 24 | 602 | 655 | 603 | 564 | 611 | 794 | 3.829 |
| 25 a 29 | 942 | 870 | 865 | 859 | 858 | 1.081 | 5.475 |
| 30 a 34 | 852 | 793 | 754 | 800 | 755 | 928 | 4.882 |
| 35 a 39 | 534 | 426 | 494 | 485 | 489 | 633 | 3.061 |
| 40 a 44 | 475 | 345 | 404 | 367 | 340 | 474 | 2.405 |
| 45 a 49 | 398 | 258 | 295 | 275 | 249 | 388 | 1.863 |
| 50 a 54 | 215 | 161 | 183 | 180 | 155 | 193 | 1.087 |
| 55 a 59 | 104 | 107 | 95 | 85 | 77 | 141 | 609 |
| 60 a 64 | 27 | 27 | 41 | 39 | 52 | 66 | 252 |
| 65 a máis anos | 8 | 8 | 11 | 6 | 7 | 14 | 54 |
| **TOTAL** | **4.255** | **3.749** | **3.843** | **3.769** | **3.688** | **4.863** | **24.167** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia
Datos de xaneiro a xuño de 2009

## Táboa 21: Contratos nos catro grandes sectores de actividades económicas (clasificación CNAE 2009) por sexo e idade. Santiago de Compostela

| | Sexo | | Idade | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Muller | Home | De 16 a 19 | De 20 a 24 | De 25 a 29 | De 30 a 34 | De 35 a 39 | De 40 a 44 | De 45 a 49 | De 50 a 54 | De 55 a 59 | De 60 a 64 | De 65 a máis anos |
| Sector primario | 86 | 219 | 5 | 44 | 66 | 77 | 35 | 35 | 14 | 11 | 18 | 0 | 0 |
| Sector secundario | 133 | 436 | 17 | 104 | 126 | 110 | 69 | 51 | 40 | 21 | 7 | 23 | 1 |
| Sector construción | 116 | 1.312 | 43 | 212 | 225 | 206 | 197 | 160 | 137 | 119 | 70 | 28 | 1 |
| Sector servizos | 11.295 | 10.570 | 585 | 3.469 | 5.058 | 4.459 | 2.760 | 2.159 | 1.672 | 936 | 514 | 201 | 52 |
| **TOTAL** | **11.630** | **12.537** | **650** | **3.829** | **5.475** | **4.882** | **3.061** | **2.405** | **1.863** | **1.087** | **609** | **252** | **54** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia
Datos acumulados a xuño de 2009

mesmos datos do ano precedente, onde os contratos de persoas entre 20 e 24 anos superaban aos de 30 a 34 anos. A partir desta idade as contratacións descenderon progresivamente tal e como vén sendo habitual.

Atendendo os sectores de actividade económica, os contratos dos seis primeiros meses de 2009 dividíronse do seguinte xeito: 90,48% nos servizos, 5,91% na construción, 2,35% no sector secundario e 1,26% no primario.

As diferenzas entre sexos son significativas, observándose que só no sector servizos os contratos femininos superan aos masculinos. Nos restantes ámbitos as mulleres só representan unha pequena porcentaxe sobre o total de contratos: 28,20% no sector primario, 23,37% no secundario e 8,12% na construción.

Na agricultura o mes de febreiro rexistrou o maior número de contratos con 78 fronte aos só 9 de maio. Na industria en xuño tiveron lugar 131, cunha

### Táboa 22: Contratos por sector económico e mes. Santiago de Compostela

| | NÚMERO DE CONTRATOS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño | TOTAL |
| Agricultura | 45 | 78 | 54 | 64 | 9 | 57 | 307 |
| Industria | 98 | 101 | 81 | 101 | 81 | 131 | 593 |
| Construción | 282 | 177 | 247 | 181 | 236 | 280 | 1.403 |
| Servizos | 3.830 | 3.393 | 3.461 | 3.423 | 3.362 | 4.395 | 21.864 |
| **TOTAL** | **4.255** | **3.749** | **3.843** | **3.769** | **3.688** | **4.863** | **24.167** |

Páxina web Servizo Público de Emprego Estatal

suba de 50 fronte ao mes anterior. Na construción xaneiro e xuño rexistraron valores similares en torno aos 280 contratos, lonxe dos 181 de abril. No sector servizos o mellor mes foi xuño con 4.395 contratos, o que supuxo unha diferenza de 1.033 con respecto ao mes de maio, amosando a súa estacionalidade.

Por seccións asociadas á nova CNAE, o maior número de contratos tivo lugar entre as *actividades administrativas e servizos auxiliares*, co 21,25% do total de contratos semestrais. A continuación aparecen a *información e comunicacións*, co 17,12% e a *hostalaría* co 12,66%.

Os maiores crecementos entre os contratos realizados no primeiro e no segundo trimestre do ano corresponderon á *subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación*, que pasou de 18 a 96, e á *hostalaría*, pasando de 1.094 a 1.966 contratos. Pola contra, os maiores descensos foron os da *administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria*, que pasou de 365 a 101 e as *actividades profesionais, científicas e técnicas*, de 919 a 685 contratos entre o primeiro e o segundo trimestre de 2009.

Por trimestres, os contratos medraron un 3,99% do primeiro ao segundo, pasando de 11.847 a 12.320.

Se asociamos os contratos aos grandes grupos de ocupación, o maior número de novas incorporacións tivo lugar no grupo de *traballadoras/es dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras/es dos comercios*. Este grupo supuxo o 24,45% dos contratos do primeiro semestre do ano. A continuación aparecen as/os *técnicas/os e profesionais de apoio*, co 21,43% , e as/os *técnicas/os e profesionais científicas/os e intelectuais* co 16,56% dos contratos semestrais. Pódese apreciar que existen grupos de ocupacións nos que hai unha maior presenza feminina, como son os relacionados coa administración e co comercio, e outros con predominancia de contratos masculinos, vinculados basicamente á agricultura, a industria e a construción.

Por sexos, a maioría de contratos femininos pertencen a *traballadoras dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras dos comercios*, cun 34,13% do total de contratos a mulleres. Despois aparecen as *traballadoras non cualificadas*, co 17,53%, e as *técnicas e profesionais de apoio*, que supoñen

## Táboa 23: Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE 2009). Santiago de Compostela

| | | 1º trimestre | 2º trimestre | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| A | Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca | 175 | 130 | 305 |
| B | Industrias extractivas | 0 | 5 | 5 |
| C | Industria manufactureira | 238 | 212 | 450 |
| E | Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación | 18 | 96 | 114 |
| F | Construción | 731 | 697 | 1.428 |
| G | Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas | 923 | 1.097 | 2.020 |
| H | Transporte e almacenamento | 168 | 237 | 405 |
| I | Hostalaría | 1.094 | 1.966 | 3.060 |
| J | Información e comunicacións | 2.184 | 1.954 | 4.138 |
| K | Actividades financeiras e de seguros | 27 | 20 | 47 |
| L | Actividades inmobiliarias | 11 | 10 | 21 |
| M | Actividades profesionais, científicas e técnicas | 919 | 685 | 1.604 |
| N | Actividades administrativas e servizos auxiliares | 2.507 | 2.629 | 5.136 |
| O | Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria | 365 | 101 | 466 |
| P | Educación | 556 | 605 | 1.161 |
| Q | Actividades sanitarias e servizos sociais | 388 | 387 | 775 |
| R | Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 1.300 | 1.316 | 2.616 |
| S | Outros servizos | 236 | 165 | 401 |
| T | Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produto | 7 | 7 | 14 |
| U | Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais | 0 | 1 | 1 |
| **TOTAL** | | **11.847** | **12.320** | **24.167** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia
Datos a xuño de 2009

o 17,02% dos contratos femininos. Entre os homes, as maiores porcentaxes teñen lugar entre os *técnicos e profesionais de apoio*, co 25,52% do total de contratos masculinos semestrais, seguidos dos *técnicos e profesionais científicos e intelectuais*, co 18,57%, e os *traballadores non cualificados,* co 15,66%.

Se consideramos o tipo de contrato, o máis empregado é o de carácter temporal, con 6.035 no primeiro trimestre (50,94%) e 6.622 no segundo (53,75%). A continuación aparecen os contratos temporais a tempo parcial, con 2.629 de xaneiro a marzo (22,19%) e 3.005 de abril a xuño (24,39%). Producíronse descensos destacados no número de contratos indefinidos, que pasaron do 9,46% ao 6,88% entre un trimestre e outro, e tamén con outro tipo de contratos, que pasaron de supoñer o 14,27% do total ao 12,18%.

Analizando o tipo de contratos por meses, a maioría de contratos indefinidos leváronse a cabo en xaneiro, onde se realizaron o 27,90% do total semestral.

### Táboa 24:Contratos asociados aos grandes grupos de ocupación por sexo. Santiago de Compostela

| NÚMERO DE CONTRATOS | | | |
|---|---|---|---|
| | | 1º trimestre | 2º trimestre |
| 1 | Dirección das empresas e das administracións públicas | 53 | 50 |
| | Muller | 20 | 29 |
| | Home | 33 | 21 |
| 2 | Técnicos/as e profesionais científicos e intelectuais | 2.048 | 2.111 |
| | Muller | 960 | 871 |
| | Home | 1.088 | 1.240 |
| 3 | Técnicos/as e profesionais de apoio | 2.790 | 2.388 |
| | Muller | 1.073 | 906 |
| | Home | 1.717 | 1.482 |
| 4 | Empregados/as de tipo administrativo | 1.046 | 1.001 |
| | Muller | 780 | 779 |
| | Home | 266 | 222 |
| 5 | Traballadores/as dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as dos comercios | 2.510 | 3.399 |
| | Muller | 1.755 | 2.214 |
| | Home | 755 | 1.185 |
| 6 | Traballadores/as cualificados/as na agricultura e na pesca | 57 | 33 |
| | Muller | 14 | 11 |
| | Home | 43 | 22 |
| 7 | Artesáns e artesás e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os/as operadores/as de instalacións e maquinaria | 828 | 814 |
| | Muller | 29 | 25 |
| | Home | 799 | 789 |
| 8 | Operadores/as de instalación e maquinaria, e montadores/as | 523 | 514 |
| | Muller | 58 | 67 |
| | Home | 465 | 447 |
| 9 | Traballadores/as non cualificados/as | 1.992 | 2.010 |
| | Muller | 1.023 | 1.016 |
| | Home | 969 | 994 |
| **TOTAL CONTRATOS** | | **11.847** | **12.320** |
| **TOTAL MULLERES** | | **5.712** | **5.918** |
| **TOTAL HOMES** | | **6.135** | **6.402** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellaría de Traballo. Xunta de Galicia
Datos do primeiro semestre de 2009

Os contratos temporais e temporais a tempo parcial predominaron en xuño, onde foron o 60,04% e o 23,92% do total de contratos dese mes. Os contratos de prácticas/formación acadaron o número máis elevado en xaneiro e en maio. Outro tipo de contratos foron máis numerosos en marzo e abril, que se corresponderon cos meses con menor actividade.

Por sexos, aos homes correspondéronlle o 50,95% dos contratos iniciais indefinidos do semestre, o 52,07% dos indefinidos temporais e o 48,78% do total de convertidos a indefinidos.

**GRÁFICO 10: Tipoloxía contractual por trimestres. Santiago de Compostela**

Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia. Datos do primeiro semestre de 2009




**Táboa 25: Tipoloxía contractual no primeiro semestre de 2009. Santiago de Compostela.**

| | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Indefinido | 549 | 264 | 308 | 261 | 286 | 300 |
| Indefinido tempo parcial | 62 | 81 | 63 | 61 | 71 | 50 |
| Temporal | 2.144 | 2.112 | 1.779 | 1.871 | 1.831 | 2.920 |
| Temporal tempo parcial | 856 | 896 | 877 | 919 | 923 | 1.163 |
| Prácticas/Formación | 90 | 38 | 38 | 46 | 73 | 44 |
| Outros | 554 | 358 | 778 | 611 | 504 | 386 |
| **TOTAL** | **4.255** | **3.749** | **3.843** | **3.769** | **3.688** | **4.863** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia.
Datos do primeiro semestre de 2009

Os homes firmaron 11.356 contratos indefinidos temporais, o que representa o 90,59% dos contratos masculinos que tiveron lugar na primeira metade de 2009, 722 contratos iniciais indefinidos (5,76%) e 458 convertidos a indefinidos (3,65%).

As mulleres pola súa banda asinaron 10.455 contratos indefinidos temporais, que representaron o 89,89% dos contratos femininos do primeiro semestre de 2009. Tamén lles corresponderon 695 contratos iniciais indefinidos (5,98%) e 481 convertidos a indefinidos (4,13%).

As dez ocupacións máis contratadas no ámbito masculino supuxeron o 56,20% do total de ocupacións en homes no primeiro trimestre de 2009 e o 55,98% no segundo. No mesmo tempo, o resultado das dez ocupacións femininas máis contratadas foi do 61,87% e do 64,92% respectivamente. Estes

## Táboa 26: Tipoloxía contractual en función do sexo. Santiago de Compostela.

| Sexo | Contrato | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Home | Inicial indefinido | 168 | 100 | 136 | 79 | 106 | 133 |
| | Indefinido temporal | 1.790 | 1.871 | 1.843 | 1.789 | 1.749 | 2.314 |
| | Convert. indefinido | 67 | 87 | 72 | 81 | 72 | 79 |
| Muller | Inicial indefinido | 293 | 75 | 75 | 80 | 101 | 71 |
| | Indefinido temporal | 1.854 | 1.533 | 1.629 | 1.658 | 1.582 | 2.199 |
| | Convert. indefinido | 83 | 83 | 88 | 82 | 78 | 67 |
| **TOTAL** | | **4.255** | **3.749** | **3.843** | **3.769** | **3.688** | **4.863** |

Páxina web Servizo Público de Emprego Estatal

datos amosan ás claras que existe unha variedade máis ampla nas ocupacións masculinas que femininas.

As ocupacións máis contratadas no ámbito masculino ao longo do primeiro trimestre de 2009 foron as relacionadas co ámbito audiovisual. No segundo

## Táboa 27: Ocupacións máis contratadas no ámbito masculino por trimestres. Santiago de Compostela

| HOMES | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1º TRIMESTRE | | | 2º TRIMESTRE | | |
| C.N.O | DESCRICIÓN | Nº CONTRATOS | C.N.O | DESCRICIÓN | Nº CONTRATOS |
| 3041 | Fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son | 1.025 | 5020 | Camareiros, barmans e asimilados | 854 |
| 2515 | Actores e directores de cine, radio, televisión e de teatro e asimilados | 614 | 3041 | Fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son | 849 |
| 5020 | Camareiros, barmans e asimilados | 514 | 2515 | Actores e directores de cine, radio, televisión e de teatro e asimilados | 705 |
| 9800 | Peóns do transporte e descargadores | 415 | 9800 | Peóns do transporte e descargadores | 383 |
| 3042 | Operadores de equipos de radio e televisión e de telecomunicacións | 157 | 7110 | Albaneis e canteiros | 216 |
| 7120 | Traballadores en formigón armado, enfuscadores, ferrallistas e asimilados | 157 | 9700 | Peóns de industrias manufactureiras | 145 |
| 7514 | Montadores de estruturas metálicas | 156 | 8610 | Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas | 120 |
| 9700 | Peóns de industrias manufactureiras | 156 | 7514 | Montadores de estruturas metálicas | 109 |
| 7110 | Albaneis e canteiros | 149 | 5010 | Cociñeiros e outros preparadores de comidas | 102 |
| 8610 | Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas | 105 | 5330 | Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 101 |
| **Total das dez ocupacións máis contratadas** | | **3.448** | **Total das dez ocupacións máis contratadas** | | **3.584** |
| **Total das ocupacións contratadas** | | **6.135** | **Total das ocupacións contratadas** | | **6.402** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia
Datos 1º semestre de 2009

### Táboa 28: Ocupacións máis contratadas no ámbito feminino por trimestres. Santiago de Compostela

| MULLERES | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1º TRIMESTRE | | | 2º TRIMESTRE | | |
| C.N.O | DESCRICIÓN | Nº CONTRATOS | C.N.O | DESCRICIÓN | Nº CONTRATOS |
| 9121 | Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros estabelecementos similares | 773 | 5020 | Camareiras, barmans e asimiladas | 845 |
| 3041 | Fotógrafas e operadoras de equipos de gravación de imaxe e son | 599 | 9121 | Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros estabelecementos similares | 841 |
| 5020 | Camareiras, barmans e asimiladas | 514 | 5330 | Dependentas e exhibidoras en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 533 |
| 5330 | Dependentas e exhibidoras en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 466 | 3041 | Fotógrafas e operadoras de equipos de gravación de imaxe e son | 408 |
| 2515 | Actrices e directoras de cine, radio, televisión e de teatro e asimiladas | 291 | 5010 | Cociñeiras e outras preparadoras de comidas | 304 |
| 4103 | Axentes de enquisas | 225 | 2515 | Actrices e directoras de cine, radio, televisión e de teatro e asimiladas | 292 |
| 5143 | Guías e azafatas de terra | 219 | 4103 | Axentes de enquisas | 210 |
| 5010 | Cociñeiras e outras preparadoras de comidas | 180 | 5143 | Guías e azafatas de terra | 155 |
| 5130 | Perruqueiras, especialistas en tratamento de beleza e traballadoras asimiladas | 139 | 5130 | Perruqueiras, especialistas en tratamento de beleza e traballadoras asimiladas | 150 |
| 5111 | Auxiliares de enfermaría hospitalaria | 128 | 5111 | Auxiliares de enfermaría hospitalaria | 104 |
| **Total das dez ocupacións máis contratadas** | | **3.534** | **Total das dez ocupacións máis contratadas** | | **3.842** |
| **Total das ocupacións contratadas** | | **5.712** | **Total das ocupacións contratadas** | | **5.918** |

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia
Datos 1º semestre de 2009

trimestre, o lugar máis destacado foi para *camareiros, barmans e asimilados*, que pasaron de 514 a 854 contratos. Tamén houbo un crecemento importante de *albaneis e canteiros*, que aumentaron de 149 a 216.

Aparecen ocupacións con maior presenza masculina como son as vinculadas coa construción e o transporte.

Entre as mulleres as ocupacións máis contratadas foron as de *persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros estabelecementos similares* con 773 e 841 contratos nos primeiros trimestres do ano. Destaca o importante crecemento entre *camareiras, barmans e asimiladas*, que pasaron de 514 a 845 contratos, tal e como acontecera entre os homes. Sinalar ademais a presenza de profesións con maior presenza feminina tradicionalmente como dependentas, azafatas, enquisadoras ou perruqueiras.

# Anexo

## GRÁFICOS:

**GRÁFICO 1:** Caracterización da poboación segundo a relación coa idade e o sexo en Santiago de Compostela ........ 5
**GRÁFICO 2:** Poboación de 16 a 64 anos por grupos de idade no concello de Santiago........ 6
**GRÁFICO 3:** Persoas traballadoras afiliadas ao réxime xeral no concello de Santiago ........ 7
**GRÁFICO 4:** Persoas traballadoras afiliadas ao réxime de autónomos no concello de Santiago........ 7
**GRÁFICO 5:**Paro rexistrado en 2008 por meses e sexo no concello de Santiago ........ 8
**GRÁFICO 6:** Evolución do paro rexistrado por sexos no Concello de Santiago de Compostela ........13
**GRÁFICO 7:** Evolución das persoas paradas de longa duración no primeiro semestre en Santiago de Compostela por sexos ........19
**GRÁFICO 8:** Evolución das persoas paradas de curta duración no primeiro semestre en Santiago de Compostela por sexos ........19
**GRÁFICO 9:** Evolución de ofertas por nivel académico e sen este requisito no primeiro semestre de 2009 ........25
**GRÁFICO 10:** Tipoloxía contractual por trimestres. Santiago de Compostela ........34

## TÁBOAS:

**Táboa 1:** Actividades económicas (sección da clasificación CNAE 2009) con maior número de contas de cotización (empresas) e porcentaxe sobre o total. Santiago de Compostela........ 11
**Táboa 2:** Evolución das dez actividades económicas (seccións da clasificación CNAE) .Santiago de Compostela ........ 11
**Táboa 3:** Evolución de traballadores afiliados ao réxime xeral nas dez actividades económicas máis representativas e porcentaxe sobre o total. Santiago de Compostela........ 12
**Táboa 4:** Evolución de traballadores autónomos nas dez actividades económicas máis representativas e porcentaxe sobre o total. Santiago de Compostela ........ 12
**Táboa 5:** Evolución do paro rexistrado por sexos en Santiago, A Coruña e Galicia........ 14
**Táboa 6**: Evolución do paro rexistrado en Galiza por idades no primeiro semestre 2009........15
**Táboa 7:** Evolución do paro rexistrado na Coruña por idades no primeiro semestre de 2009........16
**Táboa 8:** Evolución do paro rexistrado en Santiago de Compostela por idades no primeiro semestre de 2009 ........17
**Táboa 9:** Paro rexistrado por sexo e idade en Santiago de Compostela Primeiro semestre de 2009 ........17
**Táboa 10:** Evolución do paro rexistrado en Santiago de Compostela por nivel de estudos no primeiro semestre de 2009........18
**Táboa 11:** Evolución das persoas paradas de Santiago de Compostela por seccións (clasificación CNAE)........20
**Táboa 12:** Evolución das persoas paradas en Santiago de Compostela asociados/as aos nove grandes grupos de ocupación por sexo........22
**Táboa 13:** Paro rexistrado por sectores no concello de Santiago no segundo semestre de 2008........23

**Táboa 14:** Ocupacións máis demandadas a catro díxitos
no ámbito feminino a decembro de 2008. Santiago de Compostela ........ 23
**Táboa 15:** Ocupacións máis demandadas a catro díxitos
no ámbito masculino a decembro de 2008. Santiago de Compostela ........ 24
**Táboa 16**: Ofertas do segundo semestre do 2008 con requirimento
de sexo e sen este requirimento en Santiago de Compostela ........ 25
**Táboa 17:** Evolución de ofertas por seccións (clasificación
CNAE 2009) dende primeiro trimestre ao segundo trimestre de 2009 ........ 26
**Táboa 18:** Ocupacións máis ofertadas.
A catro díxitos no primeiro e no segundo trimestre de 2009 ........ 27
**Táboa 19:** Contratos por sexo.Santiago de Compostela ........ 29
**Táboa 20:** Contratos por idade. Santiago de Compostela ........ 30
**Táboa 21:** Contratos nos catro grandes sectores de actividades económicas
(clasificación CNAE 2009) por sexo e idade. Santiago de Compostela ........ 30
**Táboa 22**: Contratos por sector económico e mes. Santiago de Compostela ........ 31
**Táboa 23:** Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE 2009). Santiago de Compostela ........ 32
**Táboa 24:** Contratos asociados aos grandes grupos
de ocupación por sexo. Santiago de Compostela ........ 33
**Táboa 25:** Tipoloxía contractual no primeiro semestre 2009. Santiago de Compostela ........ 34
**Táboa 26:** Tipoloxía contractual en función do sexo. Santiago de Compostela ........ 35
**Táboa 27**: Ocupacións máis contratadas
no ámbito masculino por trimestres. Santiago de Compostela ........ 35
**Táboa 28**: Ocupacións máis contratadas no ámbito
feminino por trimestres. Santiago de Compostela ........ 36

CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de
Promoción Económica, Emprego,
Comercio e Turismo

máiscompostela